



Galicia



UGT-GALICIA CHAMA Á PARTICIPACIÓN NAS MOBILIZACIÓNS CONVOCADAS ESTE PRIMEIRO DE MAIO

A solución: subir os salarios, conter os prezos, máis igualdade

Redacción.- UGT-Galicia chama á participación nas mobilizacións convocadas para este Primeiro de Maio nas cidades e vilas galegas, A Coruña, Santiago, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo e Vilagarcía, baixo o lema “A solución: subir os salarios, conter os prezos, máis igualdade”.

Un ano máis, o emprego vai seguir sendo unha das principais demandas neste Primeiro de Maio. Tanto que este sexa suficiente como que este sexa de calidade. Neste senso, UGT agarda que a Reforma laboral, froito do diálogo social e do consenso, contribúa á mellora do emprego neste país.

A contención dos prezos é outra das demandas que se levará a este Primeiro de Maio. Neste senso, UGT saúda as medidas adoptadas polo Goberno para afrontar as consecuencias xeradas pola guerra de Ucraína, aínda que estas son insuficientes para protexer ás persoas máis afectadas polo incremento dos prezos e unha inflación desbocada. Hai que actuar sobre as causas da suba dos prezos enerxéticos e lograr unha distribución equilibrada do axuste entre todas as rendas.

Neste contexto tamén urxe subir os salarios. Resulta imprescindible garantir o poder adquisitivo dos fogares, especialmente, os



LOCALIDADE	HORA	SAÍDA
A CORUÑA	12:00	PRAZA DE A PALLOZA
SANTIAGO	12:00	A ALAMEDA
FERROL	12:00	PRAZA DO INFERNIÑO PORTA NOVA
LUGO	12:30	RONDA DA MURALLA (DIANTE DE SINDICATOS)
OURENSE	12:00	PAVILLÓN DOS REMEDIOS
PONTEVEDRA	12:00	PRAZA DA FERREIRÍA
VIGO	11:30	CRUZAMENTO DE URZÁIZ COA VÍA NORTE
VILAGARCÍA	12:30	PRAZA DE RAVELLA

daqueles con menos recursos, de aí a importancia das subas do SMI e das pensións. Tamén vai ser necesario desenvolver unha negociación colectiva que free a dinámica de perda de poder adquisitivo dos salarios, para evitar que se produza un polvorín social e poñer en risco a recuperación económica.

Neste senso, UGT está a negociar o V Acordo polo Emprego e a Negociación Colectiva e non desistirá de acadalo con fórmulas salariais que garantan o mantemento do poder de compra, para o que resulta fundamental incluír nos convenios colectivos cláusulas de revisión salarial.

Este 28 de abril UGT quere situar a prevención no centro da recuperación e vai demandar facer da saúde laboral un dereito fundamental

Redacción.- UGT vai conmemorar este 28 de abril, Día mundial da seguridade e saúde no traballo, baixo o lema “A prevención no centro da recuperación. Facer da saúde laboral un dereito fundamental”.

Tras dous anos de pandemia, UGT reclama que se atenda a COVID persistente, que pode acarrear consecuencias laborais, e que se inclúa a COVID-19 na lista de enfermidades profesionais. O Sindicato tamén demanda un Plan de choque, a redución dos riscos psicosociais, a creación do delegado/a de prevención sectorial/territorial e dotar á Inspección e Fiscalía de máis

recursos porque, un ano máis, UGT-Galicia lamenta que o 28A teña que celebrarse denunciando a lacra da sinistralidade laboral. Costa moito dixerir que continúan producíndose mortes por causas facilmente prevenibles e evitables. Nesta senso, hai que denunciar que a sinistralidade aumentou no 2021, en relación ó 2020, nun 18,3% en Galicia, con 54 falecidos, pero é que nos dous primeiros meses de 2022 Galicia sitúase á cabeza nas estatísticas de accidentes mortais en

todo o Estado, con 31 falecidos.



Presentado o “Pacto por unha enerxía eólica sostible para Galicia”, do que UGT forma parte e unha iniciativa pioneira en todo o Estado

UGT APOSTA PORQUE AS NOVAS AUTORIZACIÓNS EÓLICAS GARANTAN A INTEGRACIÓN SOCIAL E O RESPECTO MEDIOAMBIENTAL

Hai que integrar as enerxías renovables no desenvolvemento da nosa economía, aproveitar o potencial desta Comunidade e rematar coa paralización que se arrastra dende hai 12 anos

Redacción.- Os secretarios xerais de UGT-Galicia e UGT-FICA-Galicia participaron en Santiago na presentación do “Pacto por unha enerxía eólica sostible para Galicia”, xunto cos máximos responsables de UUAA, PSdeG-PSOE, CCOO, Fademur e Ventonoso, que tamén forman parte do proxecto.

Neste acto, o secretario xeral de UGT-Galicia, José Antonio Gómez, reflexionou sobre o problema medioambiental ó que se enfrenta a sociedade actual e que nos pon diante un dobre reto, social e económico, que hai que resolver. Tanto a nivel europeo, co ambicioso paquete de medidas “Fit 55”, como a nivel de España, coa Directiva de Eficiencia Enerxética, fíxanse medidas de redución de emisións, do 23% para o 2030 en España, que urxe acometer.

Chegar a estes obxectivos supón aumentar o ritmo de despregue das enerxías renovables, acadando unha cota mínima do 40%, no 2030, partindo do 19,7% actual. E todo indica que a eólica e a foltovoltaica serán as tecnoloxías predominantes.

Isto, en Galicia debe supoñer unha oportunidade de integrar a enerxía renovable no desenvolvemento da nosa economía, recuperando o potencial da nosa Comunidade e rematando coa paralización que se arrastra dende hai 12 anos. Parálise que supuxo para Galicia a perda do liderazgo industrial neste sector e milleiros de empregos, sobre todo, no sector eólico polas especiais condicións xeoclimáticas do territorio que fan que esta enerxía sexa moi rendible e unha gran oportunidade para avanzar cara o obxectivo de cero emisións.

Para isto, existe unha conxuntura, actualmente, propicia, coa liberalización de 2.025,5 MW de potencia nos nodos de conexión á rede eléctrica polo desmantelamento de Meirama e As Pontes. Isto xunto ás posibilidades de financiamento que achegan o PERTE da enerxías renovables, dos fondos de reconstrución post COVID, e do paquete Next Generation da UE.



Non obstante, neste contexto, tamén hai que atender a lexítima preocupación da sociedade galega ante as novas propostas para a instalación de novos parques eólicos que pretenden sumar 6.250 MW adicionais que xa contan con acceso á rede e outros 2.100 en tramitación.

Trátase dun reto que UGT-Galicia considera que hai que acometer cunha axeitada normativa, tanto estatal como autonómica, que debe contemplar unha serie de aspectos.

Consenso coa veciñanza

Para UGT-Galicia, os parques deben instalarse cun axeitado consenso coa veciñanza. Deberán contar, polo menos, cun 50% de contratos voluntarios na superficie da implantación. Non se poderá dar autorizacións en solo agrario en produción. A recualificación dos terreos limítarase ó estritamente necesario e pagarase todos os conceptos nas expropiacións. Fixaranse de xeito responsable as distancias dos aeroxeradores a vivendas e núcleos de poboación. Primaranse promotoras que teñan en conta medidas de compensación de contido socio económico para as comunidades afectadas como achegas para os concellos para políticas sociais, participación na produción enerxética para utilizar

en proxectos de autoconsumo de interese local, despregue de puntos de carga de vehículos eléctricos, axudas para a xestión forestal... E tamén se propón a creación dun observatorio galego de enerxía eólica para que se dote de transparencia ás propostas, contratos e prezos perante os afectados.

Integración medioambiental

Ademais, para o Sindicato, os parques deberán respectar en todo momento a integración medioambiental. Para elo, esixiranse avaliacións de impactos medioambientais rigorosas e primarase a instalación de aeroxeradores con innovacións tecnolóxicas que reduzan o impacto medioambiental e a pegada de carbono.

Sinerxias coa creación de emprego e valor engadido

UGT aposta porque se primen os proxectos que teñan sinerxias coa creación de emprego e que teñan valor engadido. Para isto, buscarase a integración da produción da enerxía eólica coas necesidades do sector

[Continúa na páxina seguinte...](#)

...vén da páxina anterior.

ou mantemento que xeren emprego adicional.

cido a varios anos vista, reforzando así a súa viabilidade e competitividade.

primario e primaranse os proxectos que vaian asociados a unha aplicación directa da enerxía eólica, máis aló da súa vertedura ás redes, como o seu uso na xeración de hidróxeno verde, bombeos de almacenamento ou uso directo en transformacións industriais asociadas. Tamén deberán primarse os proxectos asociados á fabricación, instalación, ensamblaxe

Acordos PPA's con empresas electrointensivas

Haberá que valorar, tamén, os acordos de PPA's (Power Purchase Agreements) con empresas electrointensivas, especialmente as emprazadas na contorna, de xeito que poidan contar no seu proceso produtivo cun custe enerxético coñe-

Finalmente, na priorización, haberá que atender a que os parques teñan unha axeitada fiscalidade. Para isto, revisarase o canon eólico fixado na Lei eólica de Galicia, de xeito que se pague por potencia instalada e non por número de aerogeneradores, e serán de aplicación os tipos impositivos máis altos previstos na lexislación do IBI.

FUNCIONA NA CIDADE DAS BURGAS DENDE O ANO 2013 CON MÁIS DE 1.000 ITINERARIOS ABERTOS CUN ALTO GRADO DE INSERCIÓN LABORAL

UGT RETOMA O SERVIZO DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO SOCIOLABORAL PARA INMIGRANTES NO SEU CENTRO DE OURENSE

Consolidouse como un centro de referencia tanto en materia de preparación dos procesos de nacionalidade como en información e consultas das empregadas do fogar

Redacción.- UGT-Galicia vén de retomar o servizo do Centro de Información e Asesoramento Sociolaboral para Inmigrantes (CIASI) en Ourense cuxas accións teñen como principal destinatario o colectivo de inmigrantes regulares de orixe non comunitario e que presenten un alto grado de vulnerabilidade, así como, inmigrantes que estean nunha situación de desemprego ou que desempeñen tarefas laborais en condicións precarias. Ademais, os traballos de información e asesoramento tamén van dirixidos a inmigrantes que desexen mellorar o seu nivel de empregabilidade.

O obxectivo final é acadar para os usuarios do centro itinerarios de inserción laboral individualizados e, para elo, realízanse tarefas de orientación sociolaboral; aténdense consultas en materia de estranxeiría; dáse axuda para a homologación de titulacións; dáse información sobre os trámites a seguir para acceder á nacionalidade española; tamén se achegan actividades de alfabetización dixital, cursos dirixidos a lograr capacidades profesionais que lles permitan aumentar as súas opcións de empregabilidade, así como outras consultas que os usuarios desexen realizar.

Ó respecto, dende o Centro explícase que dende o ano 2013, no que se implantou en Ourense, o número de itinerarios abertos supera os 1.000, todos eles cun alto nivel de inserción laboral. E, ademais, este centro converteuse nun punto de referencia tanto na cidade de Ourense como na comarca, no relativo a cursos de preparación para a obtención da nacionalidade ou no referente ás consultas e información que requiren as empregadas do fogar.

Proyecto de la Unión General de Trabajadoras y Trabajadores de España, subvencionado por la Dirección General de Programas de Protección Internacional y Atención Humanitaria (MISSM) y cofinanciado por el Fondo Social Europeo (FSE)

UGT

Centro de Información y Asesoramiento sociolaboral para Inmigrantes de UGT - Ourense

Horario de Atención:
Lunes a Jueves:
9 a 10 H
16.30 a 19.30H
Imprescindible cita previa
Persona de contacto:
Montse Pérez

Dirección: Parque San Lázaro, 12 - Bajo
Teléfono: 988.22.61.35
Whatsapp: 617.43.75.48

Email:
inmigracion.ourense@galicia.ugt.org

WEB: <http://www.ugtgalicia.org/migracion>
Facebook: UGT Galicia
Twitter: @ugtourenseunion

Responsable del tratamiento: Confederación Sindical (Unión General de Trabajadoras y Trabajadores de España) (UGT Confederación) - CIF: G-142.946.146. Postal: Avenida de Galicia, 22 - Ourense (Ourense).
Código de Protección de Datos (PDPI) que nos regula:
En virtud de UGT Confederación le informamos que tratamos la información que, voluntariamente, nos ha facilitado, con los siguientes finalidades:
- «Ejecución del procedimiento de inserción sociolaboral» (recopilando datos e los datos necesarios para el desarrollo de los servicios sociolaborales ofrecidos.
- «Ejecución de la actividad de información y asesoramiento para los inmigrantes regulares» (recopilando datos e los datos necesarios para el desarrollo de los servicios sociolaborales ofrecidos.
- «Ejecución de la actividad de información y asesoramiento para los inmigrantes regulares» (recopilando datos e los datos necesarios para el desarrollo de los servicios sociolaborales ofrecidos.
- «Ejecución de la actividad de información y asesoramiento para los inmigrantes regulares» (recopilando datos e los datos necesarios para el desarrollo de los servicios sociolaborales ofrecidos.
Para poder ejercer las finalidades principaladas anteriormente mencionadas, será necesario ceder sus datos a otros colectivos, listados, adicionales no consentimiento expreso para la realización de sus datos en un momento de contacto con la Redacción de Redacción.
Además, se está autorizado con los datos que se recopilan a través de la Redacción de Redacción.
Los datos de carácter personal que se recopilan en UGT Confederación estarán sujetos a los datos personales. Por tanto, tiene derecho a acceder a sus datos personales, rectificar los datos inexactos o solicitar la supresión de los datos que no son necesarios, así como a otros derechos, según el procedimiento que se detalla en la política de información de privacidad.
Más: www.ugt.org/areas/derechos_datos_personales

Tamén se matiza dende o Centro que as persoas que se achegan ben para querer información, para solicitar formación ou para emprender itinerarios son, maioritariamente, de nacionalidade venezolana, de Senegal, Colombia ou República Dominicana.

Neste contexto, dende o Centro tamén se informa que se continúa impartindo o curso de preparación para o exame de coñecementos constitucionais e socioculturais de España, requisito necesario para a obtención da nacionalidade española. Tamén impártense talleres formativos relacionados coa realización de xestións administrativas telemáticas.

Centro de Información y Asesoramiento Sociolaboral para Inmigrantes UGT - Ourense

¿Trabajas como empleada/o de hogar?

Si necesitas información y orientación sobre tus derechos y obligaciones, pregúntanos

Asesoramiento sociolaboral Talleres formativos Certificados Profesionalidad

Proyecto de la Unión General de Trabajadoras y Trabajadores de España, subvencionado por la Dirección General de Programas de Protección Internacional y Atención Humanitaria (MISSM) y cofinanciado por el Fondo Social Europeo (FSE)

UGT

O Centro está emprazado na sede de UGT-Ourense-Valdeorras-Verín, en Parque de San Lázaro, número 12, planta baixa (Ourense) e o seu horario de atención ao público é de luns a venres, de 9 a 10 horas, e de luns a xoves, de 17 a 19.30 horas.

O CIASI está cofinanciado polo Fondo Social Europeo e o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións e ven funcionando en Galicia dende o ano 1992, o seu primeiro emprazamento foi na sede de UGT en Vigo e no 2013 foi trasladado a Ourense, e dende 2002 ten a categoría de centro de inserción laboral, permitiéndolle esta nova denominación impartir cursos de formación para os inmigrantes.

FOLGA XERAL EN CORREOS OS DÍAS 1, 2 E 3 DE XUÑO

Contra a reconversión e o desguace do servizo público postal

Redacción.- UGT, xunto con CCOO, convocan folga xeral en Correos os días 1, 2 e 3 de xuño contra a reconversión e o desguace do servizo público postal. A primeira xornada de folga, o día 1, irá acompañada dunha manifestación en Madrid ata o Parlamento.

UGT leva máis de dous anos denunciando o desguace de Correos, o que está a provocar a frustración e desilusión dos traballadores e traballadoras do servizo postal público.

A implantación do novo modelo condena a Correos a ser un operador paquetero, loxístico e de carga de mercadorías, onde o negocio prima sobre o servizo postal público á cidadanía. O presidente da compañía está a amosar ser un pésimo xestor que está a poñer en risco a súa viabilidade e o seu futuro, comprometendo o futuro de 47.000 traballadores e traballadoras.

Para UGT, resulta inaceptable que Correos estea ó borde da quebra técnica e ruína económica, con máis de 500 millóns de perdas en tres anos, 400 millóns de déficit estrutural e préstamos por un montante de 1.000 millóns para o pago de nóminas. Todo froito do caos da xestión e o despilfarro de gastos.

Isto acompañado do desplome da carga de traballo cunha política de prezos equivocada; o abandono ó servizo público; a implantación do emprego lixo; e cambios organizativos impostos ou negociados só cunha parte das organizacións sindicais



con mínima representación.

Por todo isto, UGT esíxelle ó Goberno que deixe de mirar cara outro lado e free esta alocada fuxida ultraliberal para volver a poñer enriba da mesa o futuro de Correos dende un modelo de servizo público moderno, competitivo, eficaz e eficiente, con financiamento suficiente e investimentos que garantan a súa viabilidade.

É NECESARIO REALIZAR AVALIACIÓN DE RISCOS PARA DETERMINAR A NECESIDADE DE CONTINUAR USANDO MÁSCARA

O sindicato pide precaución e sentido común e lembra que é fundamental que a avaliación de riscos teña moi en conta ás persoas vulnerables

Redacción.- UGT destaca que os delegados e delegadas de prevención deben reclamar ás empresas que se realice a avaliación de riscos para determinar se existe necesidade de continuar utilizando máscara nos centros de traballo, así como da aplicación doutras medidas preventivas, por exemplo os sistemas de ventilación, para evitar contaxios.

O sindicato lembra ademais que os delegados e delegadas de prevención poden acompañar aos técnicos de prevención durante a realización da avaliación de riscos laborais.

Doutra banda, os representantes dos traballadores daquelas empresas nas que exista o Comité de Seguridade e Saúde deben solicitar unha reunión do mesmo para que se trate a forma de abordar a eliminación da obrigación do uso de máscaras en interiores.

Segundo o Ministerio de Sanidade, a incidencia acumulada dos últimos 14 días é de 391, polo que UGT reclama actuar con prudencia e sentido común, actuando baixo o principio de precaución e cautela e sinala que o sindicato se manterá vixiante para que se cumpra a obrigación de avaliar o

risco de contaxio nos postos de traballo.

Segundo o publicado no Real Decreto 286/2022, do 19 de abril, polo que se modifica a obrigatoriedade do uso de máscaras durante a situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, a máscara deixa de ser obrigatoria nos centros de traballo, salvo que a avaliación de riscos laborais indique a necesidade da súa utilización como equipo de protección individual. Da devandita avaliación poderán derivar outras medidas preventivas a implantar no lugar de traballo ou en determinados espazos dos centros de traballo para evitar contaxios.

O Real Decreto recomenda, así mesmo, manter o seu uso para as persoas cunha maior vulnerabilidade ante a infección por COVID-19 naquelas situacións nas que se teña contacto prolongado con persoas a distancia menor de 1,5 metros.

Segundo o Procedemento de actuación para os servizos de prevención de riscos laborais fronte á exposición ao SARS-COV-2 do 1 de febreiro, as persoas vulnerables son as pertencentes a algún dos grupos seguintes: persoas con enfermidade cardiovascular, incluída hipertensión,



enfermidade pulmonar crónica, diabetes, insuficiencia renal crónica, inmunodepresión, cancro en fase de tratamento activo, enfermidade hepática crónica severa, obesidade mórbida (IMC>40), embarazo e maiores de 60 anos. Unha recomendación que deberá ser tida en conta á hora de realizar ou revisar a avaliación do risco de contaxio nos centros de traballo.

Devandito Procedemento debe ser revisado proximamente polo Ministerio de Sanidade para adaptarse a esta nova normativa e as súas indicacións deberán ser tidas en conta á hora de realizar a avaliación de riscos laborais polos técnicos. Nese contexto, UGT espera que a futura revisión inclúa criterios técnicos obxectivos para avaliar a necesidade do uso de máscara nos centros de traballo, así como da adopción doutras medidas se fosen necesarias.

UNHA BAIXADA XENERALIZADA DE IMPOSTOS SÓ XERARÁ MÁIS INXUSTIZAS

A subida dos salarios é o instrumento fundamental para facer fronte a esta escalada da inflación

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, foi entrevistado na Cadea Ser onde destacou a reunión co novo presidente do Partido Popular porque é moi relevante “tentar que o principal partido da oposición poida participar dos grandes consensos, é moi importante”, subliñou.

Pepe Álvarez indicou que a baixada de impostos que propón Alberto Núñez Feijoo como única receita para enfrontar a crise “sería xerar máis inxustizas”.

En relación á negociación relativa ao pacto de rendas, Álvarez manifestou que houbo unha reunión coa patronal antes de Semana Santa na que intercambiaron a última proposta sindical que o que pretende é manter o poder adquisitivo dos salarios nun período de tres anos e que espera que se poidan retomar as negociacións agora.

“Para nós é moi importante saber que vai facer a Unión Europea en relación ao prezo da enerxía, se hai unha baixada significativa do prezo da luz, con toda seguridade haberá unha contención da inflación e será máis sinxelo alcanzar un acordo.

Nós non estamos dispostos a que haxa perda de poder adquisitivo”, engadiu.

Pepe Álvarez pídelle ao PP que se sume aos consensos sociais de país

O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, mantivo o pasado martes unha reunión co presidente nacional do Partido Popular, Alberto Núñez Feijóo, na que intercambiaron puntos de vista sobre a actual situación económica e social, e as propostas para abordar a actual crise provocada pola invasión rusa de Ucraína.

Álvarez advertiu que “UGT se opón a unha baixada xeneralizada de impostos, pero imos estudar a proposta económica do PP, que hoxe nos avanzaron. Valoremos se hai algunha medida que beneficie aos sectores sociais con dificultades, e veremos se pode axudar a crear un acordo amplo contra a crise”. O secretario xeral de UGT explicou que baixar os impostos non supoñería unha baixada dos prezos e faría perigar o estado de benestar, o que repercutiría, de novo, nunha maior desigualdade

social. Pola contra, hai que axudar ás persoas en función das rendas que teñan, e mesmo subir os impostos ás empresas que están a cultivar importantes beneficios á conta dunha subida desproporcionada dos prezos, en liña co que defende agora o propio FMI. Neste sentido, instou a controlar os prezos nos sectores máis inflacionistas e a asegurar o poder adquisitivo das persoas traballadoras.

Consenso sociais

Así mesmo, o secretario xeral de UGT pediu ao líder do PP que apoie os grandes consensos sociais alcanzados no marco do diálogo social, entre eles, a reforma laboral, e instoulle a realizar unha oposición construtiva.

O secretario xeral de UGT agradeceu ao líder do PP que unha das primeiras medidas que tomase sexa reunirse cos sindicatos. De feito, Pepe Álvarez destacou a necesidade de manter unha concertación e diálogo como o mantido na etapa de Núñez Feijóo como presidente da Xunta.

UGT RECLAMA QUE SE CUMpra XA COA LEI DO TELETRABALLO

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores esixe ás patronais, sectores e empresas que se adapten á nova realidade sanitaria e se senten a negociar nos convenios o traballo a distancia de maneira inmediata, cumprindo así coa lei.

A promulgación do Real Decreto 286/2022, que alixeira a obrigatoriedade das máscaras, ten unha derivada laboral, e especificamente sobre o teletraballo, que está a pasar desapercibida pero que é preciso emerxer: o fin da denominada excepción Covid. Falamos da disposición transitoria terceira do RD de traballo a distancia (publicada en setembro de 2020 e confirmado polo Congreso no verán de 2021), que permitía ás empresas evitar negociar as condicións de teletraballo alegando “medidas de contención sanitaria”. Neste sentido, ao longo deste ano e medio, moitas empresas non aplicaron a completa extensión da lei de traballo a distancia nin negociaron de forma colectiva coa representación legal das persoas traballadoras.

Para UGT, a eliminación das máscaras

evidencia que o teletraballo como forma de evitar a transmisión comunitaria do coronavirus perdeu o seu sentido sanitario, polo que xa non existen escusas: as empresas deben, de forma inmediata, comezar a negociar colectivamente os modelos de teletraballo aplicables.

En concreto, as empresas deben negociar o tempo e horarios de teletraballo, o dereito á desconexión, o seu encaixe dentro dunha conciliación responsable, a regulación dos conceptos básicos de voluntariedade, reversibilidade, igualdade de trato e prevención de riscos laborais e a formalización do imprescindible contrato individual de teletraballo, ademais das obrigacións que xa existen desde outubro de 2020, como son a dotación de medios, equipos e



ferramentas que esixe o desenvolvemento do traballo a distancia. En resumo: o desenvolvemento normativo, a través da negociación colectiva do teletraballo despois da pandemia.

Por todo iso, UGT esixirá a todas as patronais, sectores e empresas, en base á nova realidade sanitaria, a apertura das mesas de negociación do traballo a distancia de forma inmediata, cumprindo así coa indispensable observancia da lei. Non caben máis escusas para aplicar xa a lei.